



JULIA BENEDETTI


Patinadora

**Campioa
de España**

**Medalla de bronce
nos campionatos mundiais
de Qatar 2019**

**Vai participar nos
xogos olímpicos
de Toquio**

10+



**COÑECENDO
AS NOSAS
DEPORTISTAS**

SKATEBOARDING - PARQUE

Julia Benedetti

A Coruña 25 de setembro de 2004.

Campiona de España.

Medalla de bronce nos campionatos mundiais de Qatar 2019.

Ocupa a posición número 18 do ránking feminino do World Skate na sección de skateboarding – parque.

Adestra no club Maroña Indoor.

Forma parte da selección española de skate.

Julia Benedetti nace na Coruña e con nove anos comeza a practicar o skate da man do seu irmán, aínda que tamén practica o surf e o hóckey a patíns. Co paso do tempo céntrase no skate, formando parte do club Maroña Indoor e comezando a acadar éxitos nas diferentes competicións nas que participa.

A día de hoxe Julia estuda primeiro de bacharelato pola especialidade de ciencias, ocupa o posto 18 no ránking mundial de skateboarding - parque e soña con chegar aos xogos olímpicos de Toquio 2021.



DEPORTE FEMENINO

Ao longo do tempo as mulleres tivemos que superar moitas dificultades para acadar os mesmos dereitos e oportunidades que desfrutan os homes. **As pioneiras son aquelas mulleres que abren o camiño e que conquistan dereitos para as xeracións futuras.**



Atopa información sobre as seguintes pioneiras do skate

Linda Benson

Patti McGee

Vicki Vickers

Moitas das mellores patinadoras, igual que **Julia Benedetti**, practican o deporte do surf cambiando o asfalto polas ondas do mar.

Atopa información sobre **Laura Revuelta**, pioneira do surf en España.

CUESTIONARIO

Unha deportista que admiras?

Yndiara Asp.

Que fas logo de adestrar?

Pois acostumo ir para casa porque chego tarde de patinar.

Un consello?

Pasalo ben.

Cal é o primeiro recordo do teu deporte?

Co meu irmán.

Como ves o papel da muller no deporte?

Creo que é un pouco secundario en xeral.



CUESTIONARIO

Cal é o mellor recordo da túa carreira deportiva?
Cando gañei en Qatar e no campionato de España.

Tiveches algún tipo de atranco por ser muller no mundo do deporte?
Non.

Como ves o tratamento polos medios de comunicación do deporte feminino?
Creo que se lle dá máis publicidade ao deporte masculino.

Como consideras que é a situación do mundo das patinadoras en Galicia?
Creo que cada vez hai máis rapazas.

Cal cres que son as condicións principais para ser unha boa skater?
Non sei, creo que tes que divertirte facendo o que fas.



XOGOS OLÍMPICOS

Nos xogos olímpicos de Toquio 2021 vai a ser o debut do skate como disciplina olímpica nas modalidades de parque e de rúa.

O skate é unha modalidade de patinaxe inventada en California, que consiste en deslizarse enriba dun monopatín sobre o asfalto ou nunha pista especialmente deseñada para a práctica deste deporte.

Julia Benedetti compite na modalidade de parque, que ten lugar nunha pista cuns fortes desniveis, coma se fosen piscinas curvas.

As patinadoras alcanzan grandes velocidades e alturas nos saltos que realizan.

Ademais das diferentes acrobacias que fan no aire e o tipo de dificultade técnica, inflúe o agarre da táboa, a orixinalidade da acción e se a táboa rota no aire ao tempo que a patinadora realiza unha figura.



Julia Benedetti, afirmou nunha entrevista que:

“Penso que o importante e divertirse e pasalo ben. Se te divirtes sempre melloras, e se estou motivada fago mellor as cousas... A clave é esforzarte e que che guste o que fas”.

Por que non aplicas estas palabras de Julia ao teu traballo diario na escola, ou na casa...? Seguro que as cousas irán moito mellor.

COLOREA

Colorea esta deportista.

